

Censos de macromamíferos de monte en tres serras de Pontevedra (2009 – 2013)

Macromammal census in three mountain ranges of Pontevedra (2009 – 2013)

BAS-LÓPEZ, SANTIAGO¹ & SÁNCHEZ-CABEZUDO, MARGARITA

¹sbas@edu.xunta.es

Recibido 15-X-15, aceptado 11-XII-15 e publicado electronicamente 22-II-16.

This paper was submitted 15-X-15, accepted 11-XII-15, and electronically published 22-II-16

RESUMO / ABSTRACT

No presente traballo expóñense os resultados dos censos de macromamíferos polo método IKA en tres itinerarios da provincia de Pontevedra.

Os resultados dos itinerarios IKA repetidos durante cinco anos (2009 – 2013), en primavera e outono, amosan a dinámica das poboacións de carnívoros e herbívoros. Incluímos cans (*Canis lupus familiaris*), ovellas mostrencas (*Ovis orientalis aries*) e vacas en extensivo (*Bos primigenius taurus*), porque son presas potenciais de lobos (*Canis lupus*) e os cans tamén son posibles competidores de carnívoros en xeral.

Analízanse polo miúdo as causas da dinámica de cada especie: caza, tratamentos silvícolas, roces, queimas controladas, outros cambios no monte, densidade de poboación humana e lexislación.

Destaca a escaseza de lebres (*Lepus granatensis*) e corzos (*Capreolus capreolus*) na comarca debida á inaxeitada xestión da caza. Tamén a estreita dependencia que teñen os tres grupos de cría de lobos detectados (*Canis lupus*) respecto aos garranos, ou cabalos salvaxes (*Equus ferus atlanticus*), desaparecendo os lobos alí onde os garranos foron retirados.

Citamos a presenza de carnívoros raros nos itinerarios: *Genetta genetta*, *Martes sp.*, *Felis silvestris*, *Mustela putorius*, *Lutra lutra*.

Concluimos resaltando a importancia, que ten para toda a comunidade de macromamíferos a presenza de fortes poboacións de garranos. Son os herbívoros – clave do ecosistema. Os outros herbívoros, carnívoros e carroñeiros benefíciense moito deles.

The aim of this paper is to present the results of the macromammal census obtained by Kilometric Abundance Index (KAI) in the province of Pontevedra.

The results of KAI itineraries that were repeatedly recorded during five years (2009-2013), during spring and autumn, show the dynamics of the populations of herbivores and carnivores. Dogs (*Canis lupus familiaris*), sheep (*Ovis orientalis aries*) and cows (*Bos primigenius taurus*), because they are a potential prey to wolves (*Canis lupus*), and dogs are also, in general, potential competitors.

The causes of the dynamic of each species is carefully analysed: hunting, forestry, controlled burning, other possible changes in the forests, human population density and legislation.

The scarcity of Granada hare (*Lepus granatensis*) and roe deer (*Capreolus capreolus*) and stands out due to the inappropriate hunt management. So does the direct dependence that the three wolf breeding groups detected (*Canis lupus*) have in relation to wild horses (*Equus ferus atlanticus*), with the result of the disappearance of wolves in those places where

the wild horses had been removed.

We will mention the presence of rare carnivores in the itineraries: *Genetta genetta*, *Martes sp.*, *Felis silvestris*, *Mustela putorius*, *Lutra lutra*.

We conclude stressing the importance that the presence of big wild horse populations has on the mammal population. Wild horses are herbivores – and therefore considered key components to the ecosystem. Other herbivores, carnivores and scavengers benefit from them.

PALABRAS CLAVE / KEY WORDS

Censos. Método I.K.A.. Pontevedra. Lobos. Macromamíferos. Dinámica poboacional. 2009 - 2013.

K.A.I. census method. Pontevedra. Wolves. Macromammals. Population dynamics. 2009 - 2013.

INTRODUCCIÓN

Sería imposible coñecer con precisión matemática as poboacións de macromamíferos silvestres en calquera territorio. Sempre que se pretende unha tarefa así, chégase á conclusión de que os censos teñen certa marxe de erro, pois cada censo apórtanos unicamente un fotograma, unha visión instantánea indirecta, do estatus dunha poboación nun momento dado.

Os censos de macromamíferos realizados polo método IKA (Índice kilométrico de abundancia) son aplicables a todo mamífero, que poida deixar rastros observables.

A realización de censos IKA en tres zonas da provincia de Pontevedra durante cinco anos seguidos, ofrécenos unha interesante visión da dinámica das poboacións de macromamíferos en dita rexión no período 2009 a 2013 inclusive.

MÉTODO

Realizábanse tres itinerarios IKA en primavera e tres no outono, seguindo pistas forestais transitables en todoterreo, que discorrían polo alto das serras. É dicir: por lugares onde solen deixar rastros os lobos.

Realizamos longos itinerarios en coche (22,3 a 25,7 km) a baixa velocidade. Parabamos en moitos cruces de pistas e camiños, onde baixabamos para observar e contar con detalle todo tipo de rastros nun treito total de 100 m en cada punto. Sempre os mesmos puntos de observación desde 2009 a 2013.

Itinerarios:

A: Serra do Acibal (A1) e Monte Cregos (A2): 22,3 Km, 40 puntos de observación.

B: Serra do Seixo (B1), O Coirego (B2) e Monte Castelo

INTRODUCTION

It is impossible to know precisely the number of wild mammal populations there are in a territory. When accomplishing a task like that, we come to the conclusion that censuses have a certain margin of error, as every census provides us only with an instant image of the state of a population at a given time.

Macromammal census obtained by KAI (Kilometric Abundance Index) are applicable to every kind of mammal that provides us with any trail.

By carrying out KAI censuses in three areas in the province of Pontevedra during five consecutive years we have been able to obtain an interesting view of the dynamics of the macromammal populations from the year 2009 until 2013.

METHOD

Three KAI itineraries were conducted each spring and each fall using the forest trails through the mountains. That is to say: through the places where wolfs usually provide us with trails.

After the first round, the same itineraries were repeated at low speed (22.3 to 27.7km). We would stop in many trail junctions to closely look at any trails in 100 meters in each observation point. These points would not vary during the years 2009-2013.

Itineraries:

A: Acibal mountain range (A1) and Mount Cregos (A2): 22,3 Km, 40 observation points.

B: Seixo mountain range (B1), O Coirego (B2) and Mount Castelo (B3): 25,7 km, 43 observation points.

C: Mount Galleiro (C1), Amoedo (C2) and A Fracha (C3): 24,3 km, 44 observation points.

(B3): 25,7 km, 43 puntos.

C: Monte Galleiro (C1), Amoedo (C2) e A Fracha (C3): 24,3 km, 44 puntos.

A poboación humana xoga un papel importante nos ecosistemas de monte. Veciños e comunidades de montes son quen decide os usos prioritarios da serra en cada caso: forestal, gandeiro, caza, cabalos salvaxes (garranos), etc. Os datos de densidade de poboación, media por municipios, así como o censo de garranos e vacún nas serras cruzadas polos itinerarios, resúmense na táboa 1.

Itinerario	Densidade media poboación	Garranos	Vacún
Itinerary	Average population density	Wild horses	Bovine
A	69,5 hab./km ²	350	120
B	26,6 hab./km ²	650-500	150
C	261,1 hab./Km ²	70-30	30

Táboa 1: Datos de densidade de poboación humana nos municipios dos itinerarios. Censo aproximativo de garranos e vacas montinas nas serras cruzadas polos itinerarios. Nos itinerarios B e C o censo de garranos pasou, respectivamente, de 650 a 500 e de 70 a 30 entre 2009 e 2013.

Table 1: Population density data in the itinerary municipalities. Approximate census of wild horses and bovine in the mountain ranges crossed by the itineraries. In the itineraries B and C the wild horse census changed from 650 to 500 and to 70 to 30 between 2009 and 2013 respectively.

As especies censadas:


Salvaxes: Coenllo (*Oryctolagus cuniculus*), lebre (*Lepus granatensis*), esquivo (*Sciurus vulgaris*), corzo (*Capreolus capreolus*), xabarín (*Sus scrofa*), garrano (*Equus ferus atlanticus*), raposo (*Vulpes vulpes*), teixugo (*Meles meles*), lobo (*Canis lupus*). Tamén tomamos datos da presenza de ourizos cachos (*Erinaceus europaeus*) e toupas (*Talpa caeca*); pero non os temos en conta nos resultados.

Domésticas en extensivo: abandonadas (mostrencas) ou en paso no monte: vacas en extensivo (*Bos primigenius taurus*), ovellas mostrencas (*Ovis orientalis aries*), cans (*Canis lupus familiaris*). Todas son presas potenciais do lobo.

Carnívoros que aquí son raros tamén os tivemos en conta: marta - garduña (*Martes sp.*), tourón (*Mustela putorius*), gato bravo (*Felis silvestris*), martaraña, ou algaria (*Genetta genetta*).

Resultaba imposible contabilizar os rastros de vacas e garranos, por moi numerosos, así como as fozaduras dos xabarís. Limitámonos entón a indicar a porcentaxe de puntos nos que aparecían ditos rastros (frecuencia de aparición).

Human population plays an important role in mountain ecosystems. Neighbours and communities decide the uses of the mountain ranges: land-use, livestock industry, hunting, wild horses, etc. Population density data, measured by municipalities, as well as the wild horses and bovine census of the mountain ranges crossed by the itineraries are shown in table 1.



Itinerarios de IKA realizados KAI itineraries
 A: O Acibal – Cregos (22,3 km)
 B: O Seixo - O Coirego – Mount Castelo (25,7 km)
 C: A Fracha – O Galleiro (24,3 km)

Registered species:

Wild: Rabbit (*Oryctolagus cuniculus*), Granada hare (*Lepus granatensis*), red squirrel (*Sciurus vulgaris*), roe deer (*Capreolus capreolus*), wild boar (*Sus scrofa*), wild horse (*Equus ferus atlanticus*), red fox (*Vulpes vulpes*), European badger (*Meles meles*), wolf (*Canis lupus*). We also collected data of the presence of European hedgehog (*Erinaceus europaeus*) and blind mole (*Talpa caeca*); but were not taken into consideration.

Abandoned domestic animals: cows (*Bos primigenius taurus*), sheep (*Ovis orientalis aries*), and dogs (*Canis lupus familiaris*). Potential preys of wolves.

Rare carnivores were also taken into account: marta (*Martes sp.*), European polecat (*Mustela putorius*), wildcat (*Felis silvestris*) and common genet (*Genetta genetta*). It was impossible to keep record of all the trails of cows,

As lebres, sempre escasas, localizábanse unicamente nun treito do itinerario B1, no alto da serra do Seixo. En ocasións resultaba difícil distinguir os rastros de lebres e coenllos. Só se consideraron como de lebre os que tiñamos total seguridade de que o eran.


Ó longo do ano 2009 puxemos a punto un método de conteo de latrinas e esterco de coenllos. Por tal motivo non expoñemos os seus datos do ano 2009 nin da primavera do 2010 en forma de valores de IKA.

En resumo, reseñamos datos de frecuencia de aparición para os herbívoros: garranos, vacas, corzos, xabarís, esquivos, lebres e coenllos.

Tamén en forma de valores de IKA: corzos, lebres e coenllos.

Cans: ás veces concéntranse moitos rastros e excrementos onde os cazadores báixanos do remolque. Nesos casos consideramos un máximo de catro cans. Polo demais o criterio é o mesmo que para lobos e raposos.

Teixugo: en cada punto de observación cada rastro de pegadas valía por un indicio. As pequenas cuncas (escarbaduras) feitas polos teixugos nunca foron máis de catro por punto de observación, valorámolos por un indicio.



Os rastros de calquera especie que se atopaban entre dous puntos de observación sumábanse ao punto máis próximo. Cada resto de animal matado, ou depredado polos lobos era considerado como un rastro máis. Os poldros vistos racheados (mordidos) polos lobos contábanse como un indicio máis de lobos.

RESULTADOS

As gráficas 1, 2 e 3 recollen os datos de frecuencias de aparición de herbívoros.

wild horses and wild boars. We made restrictions and only indicated the percentage of points in which this trails appeared (frequency of occurrence).

The few hares were located in a section of itinerary B1, on top of Seixo mountain range. Sometimes it was hard to distinguish the trails of hares and rabbits.

Only certain trails were considered to belong to hares.

We tried a new rabbit dung counting method throughout the year 2009. For this reason we do not show the data of year 2009 and spring of 2010 measured in KAI.

In short, we collected the frequency of occurrence data of herbivores: wild horses, cows, roe deer, wild boar, squirrels, hares and rabbits.

Also measured in KAI: roe deer, hares and rabbits.

Dogs: we sometimes found trails and excrements where the hunters take them out of the trailer. In those cases we considered a maximum of four dogs. The other criteria was the same as for wolves and foxes.

European badger: we found evidence on each track found in the observation points. The number of small tracks left by badgers was never higher than four, and were indicated as evidence.

The trails of any animal that were found in between two points were considered to be from the closest one. Each rest of an animal killed by a wolf was considered a trail. The foals that had been bitten by wolves were also considered an evidence.


RESULTS

The following graphs show the frequency of occurrence of herbivores.

Hares: they only appear in specific points of the itinerary B1 (O Seixo). We can also observe a new tendency towards a decrease over the years. Since hunting is allowed (2008) the trails of this animal have become rare.

Sheeps: in itinerary C3 (A Fracha) the presence of wild sheep is frequently observed. This demonstrates the fact that more sheep are being abandoned in A Fracha.

As lebres: aparecen unicamente en puntos concretos do itinerario B1 (O Seixo). Observamos ademais unha tendencia a diminuír co paso dos anos. Desde o ano 2008 abriron indebidamente a súa caza e desde entón os rastros e avistamentos fixéronse raros.



Ovellas: no itinerario C3 (A Fracha) obsérvase a presenza de ovellas mostrencas con tendencia a aumentar. Isto pon en evidencia a crecente costume na Fracha de abandonar as ovellas vellas ou improdutivas no monte.

Os garranos: son moi frecuentes nos itinerarios A (Acibal – Cregos) e B (O Seixo – Monte Castelo): Salientamos a tendencia á diminución no itinerario B entre 2011 e 2013, debido á retirada total de garranos no Monte Castelo (B3).

Son menos frecuentes e numerosos no itinerario C, onde xa non eran abundantes e foron progresivamente retirados dos montes. O seu censo aí está reducíndose desde o ano 2010. Trátase de montes que soportan moita influencia urbana.

Vacas en extensivo: aparentemente aumenta a súa presenza entre 2012 e 2013, pero os censos feitos nas campañas de saneamento non o corroboran. O seu censo mantense bastante estable.


Xabaríns: raras veces superan unha frecuencia de aparición do 80%. Considerando a evidencia e persistencia dos seus rastros, concluímos que non son abundantes, nin están en aumento.

Corzos: teñen frecuencias de aparición case sempre por baixo do 15 %. Resulta claro que son bastante escasos nos tres itinerarios. O pico na gráfica do itinerario C na primavera do 2013 débese, a que se fixo baixo unhas condicións extraordinariamente favorables (máis dun mes seguido seco).

A gráfica 4 resulta moi aclaratoria, os valores de

Wild horses: frequently found in itinerary a (Acibal – Cregos) and B (O Seixo – Mount Castelo): we note the tendency towards a decrease on itinerary B between 2011 and 2013, due to the total removal of wild horses in Mount Castelo (B3).


They are least frequent in itinerary C, where there did not used to be abundant, and they were also removed. The number has decreased since 2010, since the mountains are being affected by urban influence.



Cows: apparently, there is an increase in the number of cows between 2012 and 2013, but the censuses do not support this evidence. The census remains stable. Wild boars: they rarely exceed a frequency of occurrence of 80%. Considering the evidence and persistence of trails, we conclude that they are not abundant and are not increasing.

Roe deer: the frequency of occurrence is always below 15%. It is clear that they are quite rare. The peak of itinerary C in spring of 2013 happened due to the extraordinary good conditions in which the census was made (more than a month of drought).

Graph 4 is very clarifying, the figures of KAI never reached 1 and they only reached 0,5 once. These figures are significantly lower than the ones from the wolf.



IKA dos corzos nunca se achegaron a 1 e só unha vez, xa citada, superou o 0,5. Poñemos de relevo, que estes valores son inferiores ós que acada o seu depredador natural, o lobo.

Faise imprescindible un maior control da caza de corzos, tanto legal como furtiva. É impresentable o feito de que se estean concedendo máis licencias, precintos, que número de corzos hai nos coutos de caza, como puidemos comprobar no Acibal no 2013.

Esquívos: volvéronse raros ou moi raros nos tres itinerarios. A tala dos piñeirais para seren reemplazados por eucaliptos é, sen dúbida, a causa do seu forte declive na comarca. As gráficas 1, 2 e 3 evidencian esta penosa situación.

Coenllos: sofren grandes fluctuacións en tódolos casos. Chama a atención a súa escaseza no itinerario A (Acibal – Cregos). Isto débese a que dito itinerario discorre moito entre masas forestais.

Constatamos, por entrevistas ás sociedades de caza, que a redución da poboación no itinerario C no ano 2013 débese a unha epizootia. Parece tratarse da pneumonía.

Baseándonos nos nosos datos, podemos dicir que, a día de hoxe, a epizootia está afectando moi seriamente ós coenllos dos tres itinerarios; pero especialmente aos que ocupan os montes de maior densidade de poboación humana. Aí, na primavera do 2015 estamos comprobando unha supervivencia inferior ó 5 % de coenllos respecto a 2012. As repoboacións feitas recentemente no Acibal (A1), Soutomaior (C2), Monte Castelo (B3) e A Conla – Sabucedo (fóra dos itinerarios) están demostrando ser un completo fracaso.

Os valores de IKA obtidos para coenllos e lebres (gráfica 5) poñen de novo en evidencia a gran escaseza de lebres e o perigo que corren de extinción na comarca, (e en boa parte da provincia), se non se toman medidas conservacionistas eficaces e con rapidez.

Raposos: As gráficas de raposos e cans teñen certo paralelismo.

Resulta frecuente, que os valores de IKA dos raposos aumenten no outono, pola crianza. Pero volven reducirse na primavera seguinte, pola mortalidade invernal,

A stricter control over roe deer hunt, both legal and poaching, is necessary. The fact that there are more licenses are being granted than the actual number of deer is unacceptable, as we could see in Acibal on 2013.


Squirrels: They have become very rare. Cutting down pine trees to replace them with eucalyptus has become the mayor reason for their decline in the region. Graphs 1, 2 and 3 show evidence of this sad situation.

Rabbits: they suffer changes in all of the itineraries. The scarcity of these animals is especially surprising in itinerary A (Acibal – Cregos). This is due to the fact that the itinerary goes through forests.

After the interviews with hunting societies were conducted we were able to confirm that the decrease of the population in itinerary C in 2013 happened due to an epizootic disease. It seems to have been rabbit haemorrhagic disease.

Based on the data recorded, we can state that, today, epizootic disease is having serious effects on rabbits in all itineraries, and especially on those who live in the mountains with high human population density. Those areas presented a survival rate of less than a 5% in spring of 2015 compared to 2012. The repopulations made in Acibal (A1), Soutomaior (C2), Mount Castelo (B3) and A Conla – Sabucedo (outside the itineraries) are a complete failure.


KAI values obtained for rabbits and hares (graph 5) reveal the scarcity of hares that there is, and the fact that they will be endangered species in the region if we not take measures to stop this.




Fox: The graphs representing foxes and dogs are somewhat similar.

This is due to the KAI values rising during autumn, during


caza, etc. Por comparación, o aumento dos valores de IKA dos cans no outono débese á actividade dos cazadores.



Os raposos non son abundantes, pero manteñen boas poboacións nos itinerarios A e B, con valores de IKA entre 2 e 4; sendo algo menos numerosos no itinerario C, A Fracha - Galleiro (gráficas 6, 7 e 8). O pico con valor superior a 7 no Acibal débese, sen dúbida, a unha crianza moi exitosa en dito itinerario. A mosan certa adaptabilidade a ambientes humanizados e tamén se observan con frecuencia nas veigas, leiras, etc., xunto ás poboacións.



Os cans: son moi frecuentes e numerosos no itinerario C (A Fracha – Galleiro), o de maior densidade de poboación humana, onde os lobos son moi escasos e só aparecen raras veces. No itinerario C os cans campean libremente polos montes todo o ano, indicando a humanización destes montes.



Teixugos: os itinerarios non foron deseñados para eles, pois son máis frecuentes nas ladeiras baixas de

their breeding time. In spring they decrease again because of winter mortality, hunting, etc. As a comparison, the rise of KAI values of dogs during autumn is caused by the hunting activities.

Foxes are generally rare, but there are big populations in the itineraries A and B which present KAI values from 2 to 4; and are not commonly found in itinerary C, A Fracha – Galleiro (graphs 6, 7 and 8). The highest value, higher than 7, in the Acibal happened due to a successful breeding process. Foxes can adapt to human environments and are also found in meadows and properties.

Dogs: they appear frequently in itinerary C (A Fracha – Galleiro), the itinerary with the highest human population density, in which wolves are scarce and they rarely appear in the studies. In this itinerary dogs wander freely through the mountains all year long, a fact that shows the humanisation of the region.

European badgers: the itineraries were not designed for them, since this animals live in the low parts of the mountains, in the forests and meadows.

We would like to stress some facts that we observed:

They are rare (KAI values under 0,5), but they are stable and they even appear every year in the same points. They are more scarce in itinerary C (A Fracha – Galleiro), in the mountains that are under a bigger human influence. Habitat loss and degradation in itinerary C has a negative effect on badgers.

Wolves: three groups used to live in the mountain ranges which are crossed by itineraries A and B.

Graph 9 shows KAI values of the three itineraries. The results of the censuses of autumn are not better than the ones of spring, a potential indicator of how they suffer all year long due to poaching, apart from the fact that cubs do not leave a big amount of trails. Adult wolves can leave more trails during mating time (February and the beginning of March).

Itinerary A: a stable group consisting of adults, young animals and cubs raised in Acibal mountain range.

We observe many trails from wolves during 2009. They appear to be abundant too in 2008 and 2007.

ditas serras, entre bosques, leiras e veigas.

Salientamos un par de feitos, que observamos:


Son pouco frecuentes e pouco numerosos (valores IKA menores de 0,5). Pero son bastante regulares, con poucas fluctuacións. Incluso solen ser repetitivos nos mesmos puntos de mostreo ano tras ano.

Son máis escasos no itinerario C (A Fracha – Galleiro), nos montes máis humanizados. Non se adaptan a esas circunstancias tanto coma os raposos.

A forte degradación do hábitat, que se observa no itinerario C, incide negativamente sobre os teixugos.

Os lobos: tres grupos familiares de cría vivían nas serras cruzadas polos itinerarios A e B.

A gráfica 9 recolle os valores de IKA estimados nos tres itinerarios. Os resultados dos censos de outono non melloran aos de primavera e isto pode ser un indicador da presión, que sofren todo o ano por caza furtiva, ademais da escaseza de rastros que deixan os lobatos. Sen esquecer, cós adultos poden deixar máis rastros territoriais en tempo de celo (febreiro e primeiros de marzo).



Itinerario A: un grupo familiar estable e criando na serra do Acibal, con numerosos avistamentos de adultos, xoves e cachorros.

Observamos a abundancia de rastros de lobos no ano 2009 neste itinerario. Pero tamén eran abundantes no 2008 e 2007.

A explicación desta abundancia pode estar nas queimas forestais do 2006, cando unha boa parte desta serra quedou arrasada polo lume. Morreron no lume algúns garranos e corzos. E os que quedaron atopáronse en difíciles circunstancias.

Outra hipótese que manexamos é, que nos anos húmidos os garranos crían máis e mellor. De tal xeito, que os lobos dispoñen de máis alimento e, no ano seguinte,

An explanation of this abundance might be the controlled burnings of 2006, during which a part of the mountain range was destroyed by the fire. Some wild horses and deer were killed in it. And the ones who survived found themselves in bad circumstances.



Tras unha queima, acontecida en agosto do 2006 no Acibal, apareceron once eguas e tres poldros carbonizados. A Anduriña, serra do Acibal (A1) (agosto 2006). After a controlled burning in Acibal mountain range during August 2006, eleven carbonised mares and three foals were found in the mountains. A Anduriña, Acibal mountain range (A1) (August 2006).

An alternative hypothesis is that during wet years, wild horses reproduce more. Consequently, wolves have more food available and, in the next year, he will reproduce more too. Their number would increase after a response time of one year. Therefore, long term verifications will be needed.

The decrease in the number of wolves during autumn 2012 coincides with the death of the wolf (mother) by poaching and the consequent death of the cubs in September.

Itinerary B: two families. One in Seixo mountain range (B1) and the other one in Mount Coirego and A Arcela (B2). 2-month cubs, their mother and their trails were seen in both mountain ranges (B1 and B2).

Itinerary C: KAI values in this itinerary reflect the scarce presence of wolves since 2009.

We observed trails and collected reliable information of the presence of a group of 4 or 5 wolves in the mountains in 2006 and 2007, after years of absence. During winter 2007 we stopped finding trails, due to poaching.

Currently, the mountains are visited occasionally by some wolves that leave their usual territory. The size of the tracks of wolves proves that the animals are adult, and not young.

criarían mellor. Fariáanse máis numerosos, cun tempo de resposta dun ano respecto aos garranos. Pero isto necesitará comprobacións a longo prazo.

O baixón de lobos no outono do 2012 coincide ca morte, por caza furtiva, da loba e a consecuente morte dos cachorros, de catro meses, en setembro. Feito que puidemos comprobar no monte.

Itinerario B: dous grupos familiares. Un na serra do Seixo (B1) e outro entre monte Coirego e A Arcela (B2). Avistamentos de cachorros de dous meses e rastros de cachorros de 2 – 3 meses, acompañando á nai, simultáneos en ambas serras (B1 e B2) fundamentan a nosa opinión.

Itinerario C: os valores de IKA neste itinerario reflicten a escasa e pouco frecuente presenza de lobos desde o 2009.

